



RESOLUCIÓN DA XEFATURA TERRITORIAL DE POLITICA SOCIAL DE VIGO POLA QUE SE ADXUDICAN ESTADÍAS E SERVIZOS NA RESIDENCIA DE TEMPO LIBRE DE PANXÓN PARA O ANO 2019.

FEITOS

1. O 24.05.2019 publicouse no Diario Oficial de Galicia número 98, a Orde do 14.05.2019, pola que se convoca o procedemento de adxudicación de estadias e servizos nas residencias de tempo libre adscritas á Consellería de Política Social para o ano 2019. (código de procedemento BS419A).

2. O 11.06.2019, realizouse nas dependencias da Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica da Consellería de Política Social, o sorteo público da data a partir da cal se ordenarán as solicitudes de participación e determinará a orde de adxudicación de estadias ao abeiro do artigo 12 da Orde do 14.05.2019. A data resultante do sorteo foi o 29.05.2019.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

1. É competente para resolver a adxudicación das estadias na Residencia de Tempo Libre de Panxón a xefa territorial da Consellería de Política Social en Vigo, en virtude da delegación de competencias prevista na disposición adicional única da Orde do 14.05.2019.

2. É aplicable a esta resolución a seguinte normativa

- A orde de convocatoria do 14.05.2019
- A Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das Administracións públicas (BOE do 02.10.2015).

De acordo co exposto, RESOLVO

Adxudicar as estadias na residencia de tempo libre de Panxón (Pontevedra) ás persoas interesadas que se relacionan no ANEXO I a esta resolución.

Contra esta resolución, que lle pon fin á vía administrativa, pode interpoñerse un recurso contencioso-administrativo ante o órgano xurisdiccional competente, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da notificación da resolución, de conformidade co disposto na lei 29/1998, do 13 de xullo, de normas reguladoras da xurisdición contencioso-administrativa ou ben, potestativamente, un recurso de reposición ante o mesmo órgano que ditou a resolución, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao que reciba a notificación da resolución, de acordo co disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro.

En Vigo, na data da sinatura electrónica

A xefa territorial da Consellería de Política Social
na Delegación de Vigo

Marta Iglesias Bueno

